

NIVEL II

MÓDULO 1

UNIDADE 4: AS PAISAXES DE GALICIA

Semana 1: A paisaxe de Galicia.....	Páxinas 3 a 26
Semana 2: A gandaría en Galicia.....	Páxinas 27 a 50
Semana 3: A costa galega.....	Páxinas 51 a 79
Revisión da unidade	Páxinas 80 a 92

GRUPO DE TRABAJO:

María Eugenia Freire Bazarra

María Esther Martínez Rivas

Francisco Javier Remuiñán Iglesias

UNIDADE 4

SEMANA 1: A PAISAXE DE GALICIA

A PAISAXE DE GALICIA

Galicia é un país con clima chuvioso e temperaturas, en xeral, suaves. Unha vexetación abundante cobre todo o territorio, o que lle dá á súa paisaxe ese aspecto verde e frondoso. Con todo, a paisaxe de Galicia presenta tres zonas ben diferentes: o interior, a costa e a montaña.

O interior está formado por mesetas e vales. A zona de montaña, por serras.

As serras pertencen ao Macizo Galaico. As montañas máis altas son Pena Trevinca (2.124 m) e Cabeza de Manzaneda (1.778 m). Tamén son importantes as serras dos Ancares e do Courel.


En Galicia hai numerosos vales polos que discorren preto dun milleiro de ríos. Os máis importantes son os vales do Miño e do Sil.

Galicia ten unha costa moi extensa e variada. Ao longo dela, desde Ribadeo ata A Guarda, hai unha grande variedade de formas: rías, acantilados, areais, illas, cabos, etc. A costa galega divídese en catro zonas ben diferenciadas: a Mariña de Lugo, as Rías Altas, a Costa da morte e as Rías Baixas.

A zona costeira é a máis poboada. Nela atópanse as principais cidades, e é a zona máis rica e industrializada.

A zona central está pouco poboada. A agricultura e a gandaría son as actividades máis importantes nela.

A zona oriental está moi pouco poboada tamén, e a agricultura e a gandaría son as principais actividades. O clima frío e a paisaxe montañosa fan difícil a vida nesta zona.



FALAMOS

Cal é a montaña máis alta de Galicia?

En cantas zonas está dividida a costa galega?

Cal é a principal actividade na zona central?

Localice no mapa a zona oriental de Galicia.

Cal é a zona menos poboada de Galicia?

1. Verdadeiro ou falso?

As serras pertencen ao chamado Macizo Galaico.

A montaña máis alta é Cabeza de Manzaneda.

A costa está formada por rías, illas e vales.

A Mariña de Lugo está na zona oriental de Galicia.

A zona costeira é a máis poboada e industrializada.

2. Explique o significado que estas palabras teñen no texto. Se non o sabe, consulte o dicionario.

Unha meseta é _____

Unha montaña é _____

Un cabo é _____

Un acantilado é _____

Zona oriental _____

3. Coa axuda do seu profesor ou da profesora, trate de localizar no mapa de Galicia as montañas, os ríos e as zonas da costa que se mencionan no texto.

LEMOS E ESCRIBIMOS

1. Subliñe as palabras que están relacionadas coa *paisaxe*.

pardal coche montaña chuvascada
cume quizais chaira cisne
bastón abeto chuvia árbore

2. Escriba no seu caderno unha frase con cada unha destas palabras.

Chuvascada: chuvia abundante e de curta duración.

Cume: a parte máis alta dunha montaña.

Pedregal: terreo cuberto de pedras.

Carballo: árbore grande de madeira moi dura.

3. Estas palabras pertencen á mesma familia:

casa, casal, caseiro, casiña, caseta.

Todas elas teñen relación con *casa* e teñen unha parte común: ***cas-***. Fíxese nas palabras que ten deseguido e agrúpeas por familias.

campiña - pedregal - montaña - pedreira - campioño
montañeiro - campestre - apedrado - campesiño -
pedriña - montañismo - acampada

PEDRA	CAMPO	MONTAÑA

NAS MONTAÑAS DO COUREL

Neste texto, o escritor Ánxel Fole describe a terra do Courel, na provincia de Lugo:



Retrato de Ánxel Fole realizado por Maside

Terra de Courel, áspera e forte... Terra brava de lobos e aguias; terra alta de fragas e devesas.

Pode ser que aquí se achen as devesas meirandes de Galicia. Hai faias nelas, e chopos, rebolos, bidueiros. Algunhas árbores chegan aos trinta metros. Nas devesas da Regueira e do Rebolo hai teixos grandísimos que teñen centos e centos de anos. Atravesar un destes bosques leva varias horas de camiño. Por alí andan o lobo e o xabaril. Unha vez vimos dez lobos xuntos cando iamos derrubar uns castiñeiros bravos para facer unhas vigas.

Por onde queira que se olle, vense os montes máis altos da serra: o Pía Paxaro, Lucenza, Montouto, o monte da Golada. Os seus cumios están cubertos de neve ata o verán. Nos días serenos do inverno e da primavera, relocen como se foran azucre.

Ánxel Fole Sánchez (Lugo, 1903-1986) é un dos escritores galegos máis importantes do século XX. Escribiu en galego e en castelán. Ao longo da súa vida publicou novelas, teatro e poesía, pero coñécese sobre todo polos seus contos. As súas obras máis coñecidas son coleccións de relatos breves: *Á lus do candil*, *Terra brava* e *Contos da néboa*.

1. Lea este texto de Ánxel Fole. Como diríamos en castelán estas palabras que aparecen nel?

Fraga:

Faia:

Chopo:

Rebolos:

Bidueiros:

2. A paisaxe que nos describe é chá ou de montaña? Por que?

O ARTIGO E A SÚA CONCORDANCIA

OBSERVE



- Fíxese nos títulos destes libros.
- En cada título figura un nome ou substantivo. Cal é?
*Os **vellos** non deben de namorarse.*
*As **laranxas** máis laranxas de ...*
*Os **Bolechas**.*

Que palabra vai diante do substantivo en cada caso?

Os artigos nunca aparecen illados nas oracións, sempre acompañan os substantivos.
Os substantivos levan normalmente diante un **artigo**.
Os artigos teñen xénero e número: van en **masculino** ou en **feminino**; e en **singular** ou en **plural**. O artigo ten catro formas: **o**, **a**, **os**, **as**. Exemplos:

	SINGULAR	PLURAL
MASCULINO	o río	os ríos
FEMININO	a montaña	as montañas

1. Escriba un substantivo detrás de cada artigo.

o _____

a _____

os _____

as _____

2. Escriba en cada caso o artigo correspondente.

_____ *mesetas* _____ *ríos* _____ *cumio* _____ *acantilado*

3. Complete con artigos as seguintes oracións:

Todos _____ animais pasaron _____ noite a durmir.

_____ actividades máis importantes eran _____ agricultura e _____ turismo.

4. Subliñe os artigos deste texto:

O alpinista escalou a montaña máis elevada da cordilleira. Tras moitos esforzos, alcanzou o cumio. Desde alí divisábanse os outros picos do macizo. Era un panorama precioso!

5. Agora analice as palabras que atopou.

Exemplo:

	CLASE DE PALABRA	XÉNERO	NÚMERO
a	artigo	feminino	singular

A AGRICULTURA DE GALICIA

A agricultura é unha actividade de grande importancia económica en Galicia. Moita xente vive dedicada aos traballos agrícolas, especialmente nas provincias de Lugo e Ourense.

En Galicia, a agricultura vese moi favorecida pola fertilidade do solo, pola temperatura e pola abundancia de auga. Os principais produtos son os cultivos de forraxe -que se utilizan para alimentar o gando-, o millo, a pataca e, en menor medida, o centeo, os cultivos de horta e a vide.



O cultivo de viñedos en Galicia concéntrase nos vales dos ríos. A elaboración de viños orixinou as denominacións de orixe Ribeiro, Rías Baixas, Valdeorras, etc.

Nalgunhas zonas de Galicia os traballos agrícolas aínda se realizan con métodos e ferramentas tradicionais, pero na maior parte delas a agricultura modernizouse, e agora utilízase maquinaria de moitos tipos, que fai que o traballo non sexa tan duro e resulte máis produtivo.



O millo é o cereal que máis se cultiva e utilízase principalmente para a alimentación do gando.

A pataca é tamén un cultivo moi estendido en toda Galicia, xa que forma parte da dieta tradicional galega.

As hortalizas, como os repolos, os tomates, as cebolas e os pementos, son cultivos de horta. Cultívanas case todos os campesiños galegos. Entre elas destacan os coñecidos

pementos de Padrón. Nos últimos anos tamén se estendeu o cultivo de hortalizas en invernadoiros para obter unha maior rendibilidade.

FALAMOS

É a agricultura unha actividade importante en Galicia?

Que provincias galegas teñen maior produción agrícola?

Cal é o cultivo máis estendido?

Como cambiou a agricultura en Galicia nos últimos anos?

Que quere dicir que un produto teña “denominación de orixe”?

Por que se cultivan as hortalizas en invernadoiros?

Verdadeiro ou falso?

- A agricultura en Galicia está favorecida polo clima húmido.
- A maior parte do territorio cultivado de Galicia dedícase ao millo e ao centeo.
- O cultivo de viñedos realízase nos vales dos ríos.
- O viño do Ribeiro non ten aínda denominación de orixe.
- Nos últimos anos estendeuse o cultivo en invernadoiros.

LEMOS E ESCRIBIMOS

1. Escriba o nome doutros produtos que tamén se cultiven na horta galega.

2. Escriba oracións coas seguintes palabras da familia de *agro*.
Consulte o dicionario en caso de dúbida.

Agricultor: _____

Agrícola: _____

Agro: _____

Agrónomo: _____

3. Escriba no seu caderno estas dúas columnas de palabras,
unindo as que teñan relación entre elas:

Quen cultiva os campos

Quen cultiva a vide

Quen cría abellas

Quen cultiva as hortas

Quen cría aves

Quen cría peixes

Apicultor/a

Agricultor/a

Horticultor/a

Viticultor/a

Piscicultor/a

Avicultor/a

4. Solucione estas adiviñas que se refiren á mesma cousa:

Crieime en medio do campo,
atada con verdes lazos,
e aquel que chora por min
estame partindo en anacos.

Pano sobre pano,
e sobre pano, pano,
se non cho digo
non acertarás nun ano.

ORTOGRAFÍA: As sílabas ga, gue, gui, go, gu.

O son /g/ suave escríbese así:

- Con **g** ante **a, o, u**: ga, go, gu.
- Con **gu** ante **e, i** (o **u** non soa): gue, gui.

1. Lea en voz alta estas palabras que empezan por **gue** ou **gui**. Soa o **u** nestas palabras?

Guerra guitarra guía guinda guepardo

2. Complete o texto con **g** o **gu**.

*A Paula g__ustáballe acender unha fo__eira para quentar o
__iso.*

A __aita é un instrumento musical __alego.

3. Escriba algunhas palabras que conteñan o son /g/ suave.

Palabras con **ga**

Palabras con **go**

OS PREFIXOS: des-, anti-, re-, hiper-, in-

Nas seguintes palabras, as partes subliñadas son prefixos:

antigripal, desfacer, preescolar

Os prefixos non teñen significado se se escriben por separado.

Os prefixos póñense diante das palabras para crear outras novas, de diferente significado. Hai un gran número de prefixos, pero imos analizar os máis comúns.

Os prefixos **des-** e **anti-** significan, “o contrario de” e “en contra de”.

Por exemplo:

*As nenas **desc**álzanse e **des**aparecen detrás das árbores.*

*A manifestación era **anti**belicista.*

1. Subliña as palabras que teñen o significado do **contrario** ou **en contra de**.

*Desafío Antiácido Desacerto Despacho
Desagradecido Antialérxico Desacordo
Desafortunado Anticonceptivo Desanimarse
Desmaiarse Desastre Antitusíxeno Desorganizar
Despois Desértico*

O prefixo **hiper-** significa “moi”, “moito” ou “demasiado”.

Por exemplo:

*O paciente estaba **hiper**sensible.*

*A **hiper**tensión pode provocar doenzas.*

*O neno é **hiper**activo.*

O prefixo **re-** significa “**repetición**”.

Por exemplo:

*A secretaria **re**fixo a carta.*

1. Fíxese neste recadro:

VERBO	VERBO	SUBSTANTIVO	ADXECTIVO
cortar	re cortar	re corte	re cutado recortable

Faga o mesmo cos seguintes verbos no seu caderno:

Cambiar

cargar

sentir(se)

O prefixo **in-/ im-** significa “**que non é**” ou “**que non está**”, cando se pon diante de adxectivos.

Por exemplo:

*A nai estaba **in**tranquila pola tardanza do seu fillo.*

*A imaxe era **im**perfecta.*

O prefixo **in-/im-** significa “**sen**” cando vai diante de substantivos.

Por exemplo:

*O accidente provocoulle **in**consciencia xeral.*

*A **im**paciencia non é boa cando se toman decisións.*

1. Complete estas frases con palabras que conteñan o prefixo **in-/im**.

Isto no se pode perdoar, é _____.

Esta comida díxírese mal, é _____.


Non tes paciencia, es un _____.

Resulta imposible de mellorar, é _____.

IDEAS PRINCIPAIS DUN TEXTO

En Galicia, á beira da maioría das casas de labranza, hai un hórreo. O hórreo serve fundamentalmente para secar e gardar o millo e para o preservar da humidade e dos ratos. Nalgunhas zonas tamén se emprega para gardar outros produtos, como as fabas, os allos, as cebolas, etc., e para curar carnes, en especial os xamóns.

Existen varios tipos de hórreos, que varían dunhas zonas a outras segundo os materiais de que estean feitos e da forma que teñan. Tamén, segundo as zonas, reciben distintas denominacións: cabazo, celeiro, canastro, piorno, espigueiro, palleira, etc.



O tipo de hórreo máis común en Galicia é rectangular, asentado sobre columnas. A cuberta, xeralmente de dúas augas, pode ser de tella, de lousa ou de palla. As paredes poden ser de pedra, de madeira ou de ambos os materiais. En calquera caso, teñen que ter aberturas que permitan o paso do aire para que os produtos gardados se ventilen e non collan humidade.

Lea varias veces o texto.

Cal é o tema do que trata?

Cales son as ideas principais do texto?

Non todo o que se di nunha lectura ten a mesma importancia:

1. Subliñe as palabras e as expresións que considere máis importantes.

2. Faga despois un resumo da lectura coas súas propias palabras.

LEMON IMAXES: ADORNOS DOS HÓRREOS

Os hórreos galegos teñen case sempre os mesmos adornos: dun lado da cuberta, unha cruz; do outro lado, un adorno alargado, coma un pináculo. Ás veces, este último adorno sitúase aos dous lados da cruz, ou mesmo repetido por toda a cuberta do hórreo.



Cal é o significado destes adornos? Case todos os estudosos están de acordo. Eses remates son restos probablemente dun culto moi antigo a ídolos ou deuses da fertilidade, que se colocaban encima do hórreo para os invocar e asegurar a chegada de boas colleitas e a conservación do gran. En moitos casos, eses adornos teñen un carácter fálico, e asóciase coa idea da abundancia, da procreación e da riqueza.



A foto da esquerda é do hórreo de Carnota. Nela podemos observar a cruz, e, a ambos os lados, os adornos que estamos a comentar.

A cruz que hai en todos os hórreos é para invocar a bendición de Deus sobre a colleita e o gran. Trátase da cristianización de ritos moi antigos, anteriores á chegada do cristianismo a Galicia.

O hórreo de Carnota é un dos máis longos de Galicia, con case 35 metros de longo e 22 pares de columnas.

Como os hórreos deben protexer o gran da humidade, dos ratos e doutros roedores, está edificado normalmente sobre columnas, que teñen na súa parte superior unha lousa ou un disco de pedra, de forma redonda ou cadrada, para impedir que pasen os animais.



A maioría dos hórreos están construídos de pedra ou de ladrillo e cemento, pero aínda quedan nalgúns comarcas hórreos que son como grandes cestos, feitos de varas e con cuberta vexetal.



En Galicia quedan algúns conxuntos de hórreos moi ben conservados, que merecen unha visita tranquila: por exemplo, os de Combarro, en Pontevedra, ou os de Carnota e Lira, na Coruña.

TRABALLAMOS COS NÚMEROS

Nos últimos días aprendemos a multiplicar. Observe as táboas do 2 ao 9.

FÍXESE,

$$2 \times 10 = 20$$

$$3 \times 10 = 30$$

$$4 \times 10 = 40$$

$$5 \times 10 = 50$$

$$6 \times 10 = 60$$

$$7 \times 10 = 70$$

$$8 \times 10 = 80$$

$$9 \times 10 = 90$$

1. Que ocorre cando multiplicamos un número por 10?

Para multiplicar calquera número pola unidade seguida de ceros, engádenselle a ese número tantos ceros como seguen a unidade.

Exemplo:

$$25 \times 100 = 2500$$

$$18 \times 1000 = 18000$$

2. Calcule.

$$7 \times 10 =$$

$$5 \times 1000 =$$

$$8 \times 100 =$$

$$100 \times 9 =$$

$$10 \times 11 =$$

$$1000 \times 3 =$$

3. Escriba o factor que falta.

$$7 \times \underline{\hspace{2cm}} = 700$$

$$6 \times \underline{\hspace{2cm}} = 60$$

$$\underline{\hspace{2cm}} \times 10 = 80$$

$$4 \times \underline{\hspace{2cm}} = 400$$

$$1.000 \times \underline{\hspace{2cm}} = 6.000$$

$$\underline{\hspace{2cm}} \times 10 = 80$$

$$100 \times \underline{\hspace{2cm}} = 900$$

$$3 \times \underline{\hspace{2cm}} = 3.000$$

4. Copie e complete a táboa.

×		5		7		8
10	30					
100			600			
1.000					4.000	

5. A André danlle oito moedas de dez céntimos como volta da compra. Canto diñeiro ten André?

6. Anxo dedícase ao cultivo de tomates, para o que dispón de invernadoiros. En cada invernadoiro ten 35 ringleiras de 10 plantas de tomates cada unha. Cantas plantas de tomates hai en cada invernadoiro?



7. Se Anxo conta con dez invernadoiros, cantas plantas de tomate ten en total?
8. Cada planta de tomates dos invernadoiros de Anxo produce 100 tomates. Cal é a produción total de tomates que obtivo Anxo?
9. Cada tomate véndese por dez céntimos. Canto diñeiro gañou Anxo?

10. Rubén quiere cultivar unha horta, para o que necesita rega. Ten 847 metros cadrados de terreo. Se rega cunha manga, gasta 100 litros en cada metro cadrado, e se instala un sistema de rega por goteo, consome dez litros por cada metro cadrado.

a) Canta auga consome se rega toda a horta coa manguera?

b) Canta auga consome para regar a horta co sistema de goteo?

11. Uxía dedícase a cultivar uva para facer viño. Nos últimos dez anos perdeu parte da colleita por culpa dunha epidemia nas vides. Se cada ano perdeu 159 quilos de uva, cantos quilos perdeu nos últimos dez anos?

Para multiplicar números terminados en ceros, multiplícanse os números sen os ceros e, ao final, engádenselle ao resultado tantos ceros como teñan os factores que se están a multiplicar.

Por exemplo,

$$20 \times 400 = 8.000$$

$$70 \times 300 = 21.000$$

12. Complete:

$$20 \times \underline{\hspace{2cm}} = 8.000$$

$$12 \times 40 = \underline{\hspace{2cm}}$$

$$60 \times 30 = \underline{\hspace{2cm}}$$

$$800 \times \underline{\hspace{2cm}} = 16.000$$

$$90 \times \underline{\hspace{2cm}} = 810$$

$$\underline{\hspace{2cm}} \times 200 = 48.000$$

$$\underline{\hspace{2cm}} \times 70 = 2.100$$

$$500 \times 21 = \underline{\hspace{2cm}}$$

13. Ánxela ten oito moedas de 20 céntimos e Luís catro de 50 céntimos. Quen ten máis cartos? Canto máis? Canto teñen entre os dous?

14. Realice as seguintes multiplicacións.

$$\begin{array}{r} 834 \\ \times 310 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 209 \\ \times 700 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 560 \\ \times 470 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 604 \\ \times 800 \\ \hline \end{array}$$

15. Marta compra 60 plantas de berenxenas para plantar na súa horta. Por cada planta paga 20 céntimos. Canto paga en total?

16. Claudia ten unha leira con 320 maceiras. Cada maceira produce 80 quilos de mazás. Cantos quilos de mazás produce a plantación?



17. Para a vendima das uvas, Ramón decide contratar persoal. Contrata 40 operarios e cada operario vendima en 280 metros cadrados. Cantos metros cadrados de vides ten Ramón?

18. Arturo planta distintas clases de pementos: de Padrón, de Ourense, de *piquillo*, italiano e morrón. Se Arturo plantou 30 pés de cada tipo, cantos pés plantou en total?



19. Unha familia recolle as patacas e deposítaas en grandes caixóns, onde permanecen un mes antes de seleccionalas e colocalas en caixas. Teñen 12 caixóns e de cada caixón hai que tirar 20 quilos, porque podrecen ou as comen os ratos. Cantos quilos de patacas se perden en total?
20. Para que o millo se conserve ben, gárdase en hórreos. Se hai oito hórreos con 40 quilos de millo cada un, canto millo hai en total?

FÍXESE:

Cando a multiplicación e a suma aparecen combinadas cúmprese o seguinte:

$$(5 \times 4) + (5 \times 3) = 5 \times (4 + 3)$$

$$(2 \times 8) + (2 \times 7) = 2 \times (8 + 7)$$

21. Realice as operacións coma no exemplo.

$$(8 \times 5) + (8 \times 2) = 8 \times (5 + 2) = 8 \times 7 = 56$$

$$(7 \times 3) + (7 \times 4) =$$

$$(3 \times 4) + (3 \times 5) =$$

$$(6 \times 1) + (6 \times 5) =$$

$$(4 \times 6) + (4 \times 2) =$$

22. Complete.

$$(7 \times \underline{\quad}) + (7 \times \underline{\quad}) = \underline{\quad} \times (4 + 5) = 7 \times \underline{\quad} = \underline{\quad}$$

$$(\underline{\quad} \times 3) + (\underline{\quad} \times 6) = 2 \times (\underline{\quad} + \underline{\quad}) = 2 \times 9 = \underline{\quad}$$

$$(\underline{\quad} \times 5) + (4 \times \underline{\quad}) = 4 \times (\underline{\quad} + 1) = \underline{\quad} \times 6 = \underline{\quad}$$



$$(10 \times \underline{\quad}) + (\underline{\quad} \times 3) = \underline{\quad} \times (\underline{\quad} + \underline{\quad}) = 10 \times 8 = \underline{\quad}$$

SEMANA 2: A GANDARÍA EN GALICIA

A GANDARÍA EN GALICIA

A gandaría ten unha especial importancia na economía de Galicia, xa que a maior parte dos ingresos obtidos polos campesiños galegos proveñen dela. A nosa comunidade conta con abundancia de prados naturais onde pastan o gando ovino e o gando bovino. Porén, o sector gandeiro de maior importancia en Galicia é este último.

Tradicionalmente, o gando cumpriu en Galicia unha tripla función: proporcionar carne, proporcionar leite e proporcionar forza de traballo. Os cultivos relacionados coa gandaría esixen traballos como arar, sementar, fumigar, recoller, etc. Nalgúns lugares de Galicia estes traballos aínda se fan con métodos e ferramentas tradicionais.



Esta gandaría tradicional está pouco mecanizada e os seus produtos destínanse, xeralmente, ao consumo familiar.

Con todo, na maioría das comarcas xa hai tempo que se introduciron métodos novos, tractores, motocultores, etc., cos que o traballo é máis descansado e máis produtivo. A gandaría deste tipo está moi mecanizada e a produción gandeira que se realiza nestas modernas instalacións destínase á comercialización. Na actualidade, a maioría das

especies gandeiras críanse e reproducense en cortes modernas e en granxas.

FALAMOS

Como inflúe a paisaxe galega na tradición gandeira?

En que medida cumpriu a axuda dos animais nas tarefas agrícolas?

Como mellora a calidade de vida dos agricultores grazas á mecanización do campo?

O campesiño galego céntrase só nas faenas do campo e na gandaría ou compaxínaas con algunha outra actividade?

Se Galicia reúne unhas condicións inmellorables para a explotación gandeira, por que moita xente abandona o rural e marcha cara ás cidades?

1. Lea outra vez o texto e subliñe as ideas principais.

2. Verdadeiro ou falso?

- A maior parte dos ingresos dos campesiños galegos provén da agricultura.
- A tripla función do gando foi: proporcionar carne, leite e forza de traballo.
- Nalgunhas comarcas de Galicia os traballos agrícolas aínda se fan con métodos e ferramentas tradicionais.

ORTOGRAFÍA: A letra x

1. Lea estas palabras, que aparecen todas nesta unidade.

Granxa, salvaxe, cacarexar, exemplo, explique, muxir, existen, enxame, expansión, axuda, xa, prestixio, rexión, explotación, paxaro, hoxe, xúntanse.

2. Subliñe a letra x en todas as palabras anteriores.

3. Clasifique as palabras en dous grupos, segundo se pronuncie a letra x. Por exemplo:

Granxa	Explique
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____

4. Diga e escriba o nome que corresponde a cada unha destas definicións. Todas as palabras deben ter a letra x:

Estoupido violento dalgunha cousa:

Son que emiten as galiñas:

Conxunto de cadros que se reúnen nun local:

Conxunto de abellas coa súa raíña:

Que está preto, achegado:

Ave de pequeno tamaño:

Contrario a interior:

En galego, a letra **x** lese de dous xeitos. Na maior parte das palabras, representa o son propio da nosa lingua:

Xamón, xeral, xirafa, xoia, xuízo.

Nalgunhas palabras lese como se fose **cs**:

Sexo, taxativo.

Noutras como se fose **s**:

Aproximar, exame, éxito, exterior, externo.

DISPARATES

Os *disparates* son un tipo de cancións da literatura popular. Aquí ten algúns que se dicían nas nosas aldeas e vilas:

Un paxaro adoecido
chegou á porta dun xastre
para que lle talle un vestido
da pelica dun tomate.


De alá da banda do río
ten meu pai un castiñeiro
que castañas dá en agosto
e uvas brancas en xaneiro.

Fun ao monte por sardiñas,
fun ao mar cargar o toxo,
polo monte fun nadando,
polo mar nun burro coxo.

5. Escriba as palabras que aparecen nestes *disparates* coa letra *x*.

A ACTIVIDADE GANDEIRA EN GALICIA

No medio rural galego abundan as explotacións tradicionais dedicadas ás actividades gandeiras. Existen varios tipos de gando: bovino, ovino, caprino, porcino e cabalar.



O gando bovino comprende as vacas e os bois. Destes obtense a carne, o leite, a pel e o traballo. O gando ovino comprende as ovellas, e o gando caprino as cabras. Destes dous obtense carne e leite. Das ovellas, ademais, a la. Non obstante, en Galicia diminuíu a importancia dos rabaños de ovellas e de cabras.

O gando porcino comprende os porcos. A súa carne consómese fresca, salgada ou en embutidos. O porco foi o alimento básico dos agricultores galegos. Hoxe en día séguese criando de forma tradicional, aínda que abundan cada vez máis as granxas que se dedican á súa explotación comercial.

O gando cabalar, en Galicia, vive, na súa maior parte, en estado salvaxe nos montes. En determinadas épocas, xúntanse as bestas para as marcar e rapar.

As galiñas son moi frecuentes nas casas dos campesiños e delas obteñen carne e ovos. Nos últimos anos tamén houbo unha gran expansión das granxas avícolas.

FALAMOS

É a produción leiteira unha actividade económica importante en Galicia?

Por que foi o porco o alimento básico na dieta do campesiño galego?

Que método se utilizaba para a súa conservación cando non existían os frigoríficos nin conxeladores?

O gando bovino é moi abundante en Galicia pero, existe só unha raza?

Do leite de vaca obtéñense outros derivados. Sabería nomear algún?

LEMOS E ESCRIBIMOS

1. Faga unha pequena redacción sobre a gandería na súa comarca. Débese referir ás principais especies gandeiras: onde viven, de que se alimentan e para que se utilizan.

2. Indique o nome dos animais que viven en cada un dos seguintes lugares.

Nunha gorida

Nunha corte

Nun cortello

raposo

vaca

porco

coello

3. Escriba o nome do animal ao que lle corresponda cada unha destas voces.

miañar *rinchar* *ladrar*

balar *gruñir* *bruar*

cacarexar

4. Una o nome do animal coa agrupación a que corresponde.

can

ovella

abella

porco

paxaro

enxame

piara

manda

bandada

rabaño

5. Complete coas palabras do recadro.

año

raposo

can

paxaro

- É astuto coma un
- É fiel coma un
- É libre coma un
- É manso coma un

6. Lea este poema de Rosalía de Castro. Nel recreáase o tradicional “conto da leiteira”. A que se refire?

¡Vamos bebendo!

Teño tres pitas brancas
e un galo negro
que han de poñer bos ovos
andando o tempo;
e hei de vendelos caros
polo xaneiro;
e hei de xuntar os cartos
para un mantelo;
e heino de levar posto
no casamento;
e hei...
- Pois mira, Marica,
vai por un neto*,
que entrementres non quitas
eses cerellos,
e as pitas van medrando
co galo negro
para poñer os ovos
e todo aquilo
do xaneiro, dos cartos
e o casamento,
miña prenda da alma,
¡vamos bebendo!

* *Neto*: medida de capacidade, equivalente a medio litro.

Rosalía de Castro naceu en Santiago de Compostela en 1837. Xa desde moi nova comezou escribir e a súa primeira publicación foi un libro de poemas en castelán, *La Flor*, en 1857. Un ano máis tarde casou co escritor e historiador galeguista Manuel Murguía. A súa obra escrita, tanto en lingua galega como en castelán, encádrase sempre no romanticismo, e destaca no estilo pola súa sinxeleza e sensibilidade. Con ela iníciase o *Rexurdimento* da lingua galega escrita no século XIX. Os títulos poéticos de maior importancia son *Cantares Gallegos* (1872), *Follas Novas* e *En las orillas del Sar* (1884). Morreu en Padrón, A Coruña, en 1885, cando só tiña 48 anos.

OS PREFIXOS: pre-, ante-, tele- e super-

Lembre! Os prefixos son partículas que van sempre **diante** das palabras. Estas novas palabras que se forman cos prefixos chámanse *derivadas*.

Por exemplo: **prefabricado**, **prerromano**.

Os prefixos **pre-/ ante-** significan “**anterior**” ou “**antes**”.

1. Procure no dicionario o significado de.

Sentir, proxecto, determinar, historia, pór, xubilado.

2. Agora diga o que significan estas palabras.

Presentir, anteprojecto, predeterminar, prehistoria, antepor, prexubilado.

O prefixo **tele-** significa “**a distancia**”.

Por exemplo: *Subimos ao cumio do monte na telecadeira.*

O prefixo **super-** significa “**encima de**” ou “**exceso de**”.

Por exemplo: *Din que Pedro é un superdotado.*

3. Copie no seu caderno cada palabra, seguida da súa definición:

Telegrafía, superdotado, superpor.

- Pór unha persoa ou cousa encima doutra.
- Sistema de transmisión de mensaxes por cable.
- Persoa con calidades superiores ao normal.


A GANDARÍA EN GALICIA

A gandaría ten en Galicia unha grande tradición e os seus produtos teñen moito prestixio. Historicamente foi a carne de bovino a que máis importancia tivo no sector gandeiro, e na actualidade segue a manter o primeiro posto polo valor económico da súa produción. Porén, é superada en milleiros de toneladas pola de porcino e, sobre todo, pola de ave.

O vacún ten presenza en toda Galicia, aínda que ten máis peso na economía do interior. As explotacións gandeiras máis modernas concéntranse en torno ás grandes cidades.

Malia ocupar o terceiro posto polo número de quilogramos producidos, a gandaría bovina galega segue a ser fundamental na economía de Galicia pola importancia do subsector leiteiro. Na actualidade este sector atópase en fase de adaptación á normativa europea, o que esixiu unha redución importante da produción. A característica máis destacada da gandaría bovina nos últimos anos é a especialización: aumentou o número de vacas destinadas á produción de carne e diminuíu o número de vacas leiteiras.

A carne galega de vacún segue a gozar de grande prestixio, xa que cada vez son máis as medidas de calidade e de seguridade que garanten o produto. A vaca autóctona “rubia galega” estase a empregar na actualidade para carne, entanto que para a produción leiteira se estiveron importando razas como a holandesa, a frisona e a pardo alpina.



Frisona

Rubia galega

FALAMOS

Segue a ser a carne de vacún a que proporciona maiores ingresos aos gandeiros galegos?

O sector lácteo galego sufriu un gran recorte na súa cota de produción desde a entrada de España na Unión Europea. A que cre que é debido?

A raza “rubia galega” é unha excelente produtora de carne. Cal é a denominación de orixe que lle deu fama en toda España?

Fíxese na seguinte noticia:

A actividade gandeira galega foi moi dependente das subvencións da UE. Porén, estas axudas tenden a desaparecer, polo que cumprirá facer un esforzo de renovación para se liberar desta dependencia.

La Voz de Galicia, 14 de xuño de 2005

A que se refire este “esforzo de renovación”?

1. Enumere no seu caderno as vantaxes do consumo de carne de vacún.

Por exemplo:

- *A carne de vacún é moi apreciada polo seu grande valor nutritivo.*
- _____
- _____

LEMOS E ESCRIBIMOS

1. Ordene estas letras e obterá a palabra a que se refire esta definición:

r o i b b e d e o

..... : lugar onde se lle dá de beber ao gando.

2. Observe nestes exemplos a diferenza de significado entre as palabras **baka** e **vaca**.

- *A vaca do veciño pariu onte.*
- *Coloca a maleta na baka.*

Escriba unha frase máis con cada unha desas palabras.

3. Estas palabras están relacionadas con *vaca*.

Prado, muxir, vaqueiro, mansa, corte, cucho, leite, herba.

Escriba agora outras tantas relacionadas con *porco*.

4. Explique en poucas palabras o significado deste refrán.

Vaca de moitos, ben muxida, mal mantida.

5. Consulte no dicionario o significado da palabra *crista* nestes exemplos:

- A crista da onda.
- A crista da galiña.

XOGAMOS COAS PALABRAS: OS TAUTOGRAMAS

1. Que ten de particular esta serie de palabras?

Tres tristes tigres triscan trigo.

2. E estoutra?

Procurade pensar pouco, pero profundamente.

3. Fíxese nesta declaración de amor:

Amada Ana:

Ámote apaixonadamente. Ámame. Ama a Andrés.

Adeus.

Andrés.

Son textos en que todas as palabras empezan pola mesma letra.
O mesmo ocorre nestoutro exemplo:

Déame dúas ducias de dalías, don Darío!

Estes textos chámanse **tautogramas**. *Tautograma* é unha palabra de orixe grega que significa “coas mesmas letras”.

Un tautograma é, xa que logo, un texto composto por palabras que comezan todas coa mesma letra.

Alguén escribiu que un tautograma é unha:

“Prosa producida por palabras por principio parecidas”

Intente vostede agora escribir tautogramas.

4. Continúe estes textos:

Cando comín c.....

Despois de dar

Luís lavaba


5. Escriba vostede agora un tautograma que empece por:

B:

M:

LEMOS IMAXES: O TECLADO DOS APARELLOS DE SON E IMAXE

Nos aparellos de imaxe e son (lectores de CD para música, DVD, mandos a distancia dos televisores, etc.) aparecen sempre unhas teclas con signos parecidos, que normalmente significan o mesmo.




Aínda que normalmente usamos estes mandos con soltura, convén lembrarmos o que significa cada signo:



Tecla de “pór a funcionar”. É a tecla que debemos premer cando queremos que funcione algo, despois de o acender. Moitas veces, aparece xunto a ela a palabra inglesa *PLAY*, que significa iso, “funcionar”.



Tecla de “pausa”. Debémola premer se queremos que pare un momento a música que estamos a oír ou a película que estamos a ver no DVD, por exemplo. Se queremos que a música se oia outra vez ou que as imaxes da película se movan novamente, volveremos a premer a mesma tecla ou ben a de “funcionar”.




Tecla de parada. Sempre se representa cun cadradiño de cor negra. Premerémola cando queiramos que a música ou a película

paren definitivamente. Ás veces aparece xunto a ela a palabra *STOP*, que en inglés significa iso, “parar”. Lembre que esta palabra aparece tamén nalgúns sinais de tráfico.



A tecla cun trianguliño e unha raia vertical significa “pasar ao seguinte”. Premerémola cando queiramos pasar á seguinte canción ou á seguinte escena dunha película no DVD. Se o trianguliño olla cara á esquerda, quere dicir “pasar ao anterior”. Ás veces, esta tecla loce a palabra *NEXT*, que en inglés significa “seguinte”.



A tecla que ten un trianguliño e debaixo un pequeno rectángulo significa “abrir e pechar”. Tocarémola se queremos colocar un CD o un DVD no aparello ou sacar o que ten dentro. Ao premela, sairá a bandexiña que serve para colocar o disco ou pecharse. Ás veces vai coas palabras *OPEN/CLOSE*. Estas palabras inglesas significan “abrir/pechar”.

As letras CD veñen das palabras inglesas *Compact Disc*; é dicir, “disco compacto”.

As letras DVD veñen das palabras inglesas *Digital Versatile Disc*, que significan algo así como “disco dixital universal”.

TRABALLAMOS COS NÚMEROS

Nas semanas anteriores aprendemos a sumar, a restar e a multiplicar. Deseguido imos facer exercicios e problemas que combinen todas as operacións aprendidas.

1. Un gandeiro cría galiñas e porcos. Ten 28 galiñas e seis porcos. Cantas patas teñen en conxunto esas galiñas e porcos?



2. Calcule mentalmente:

$$2 + 6 - 3 + 7 - 5 =$$

$$8 - 1 + 3 - 6 + 9 =$$

$$7 + 1 - 4 + 5 - 3 =$$

$$9 - 6 + 7 - 8 + 2 =$$

3. Filipe dedícase á produción de leite. Ten 39 vacas e cada vaca produce 25 litros de leite ao día.

a) Cal é a produción diaria de leite na granxa? E canto leite obtense nun mes de 30 días?

b) Filipe utiliza parte do leite para facer queixos. En cada queixo emprega seis litros de leite. Nun mes fixo 450 queixos. Canto leite utilizou para producir eses queixos?



c) Canto leite lle queda a Filipe para vender cada mes?

d) Filipe cobra 12 céntimos por cada litro de leite que vende e 700 céntimos por cada queixo. Canto cobra ao mes?

1. Una con frechas as operacións que teñen o mesmo resultado:

$$8 \times 4$$

$$27 + 18 - 9$$

$$5 \times 4$$

$$15 + 42 - 26$$

$$6 \times 6$$

$$33 - 17 + 2$$

$$2 \times 9$$

$$46 - 25 + 11$$

$$3 \times 7$$

$$24 + 39 - 43$$

2. Atope o camiño. Debe sumar os resultados dos cadríños para obter o número da meta. O traxecto pode ser horizontal e vertical. Faga como no exemplo.

		4×2	8×1	7×6
Saída	3×5	2×3	6×4	
	2×8	5×5	9×2	
			Meta 63	

		5×2	7×1	4×3
Saída	3×3	2×8	2×6	
	4×5	6×7	7×2	
			Meta 64	

3. Nos montes galegos críanse cabalos salvaxes. Unha vez por ano, reúnen-se nunhas festas chamadas “rapa das bestas”. Sandra tiña inicialmente seis cabalos e oito eguas. Abel tiña inicialmente once cabalos e cinco eguas. Despois de cinco anos cada egua tivo tres poldros.

a) Quen tiña máis cabezas de gando inicialmente? Cantos máis?

b) En cinco anos, cantos animais ten Sandra? E Abel?

c) Cal é a diferenza entre o número de animais de Sandra e o de Abel despois de cinco anos?

d) Cantos animais teñen Abel e Sandra xuntos?

e) Comprobe os cálculos anteriores coa calculadora.

Observe as unidades do sistema métrico decimal, das que falamos nas semanas anteriores:

Quilómetro-Hectómetro-Decámetro-METRO

METRO-Decímetro-Centímetro-Milímetro.

Os prefixos sinalados en vermello indican o salto respecto ao metro, cara a arriba e cara a abaixo. Por exemplo, “**deca**” significa que son 10 veces máis (1 decámetro son 10 metros) e “**deci**” significa que son 10 veces menos (1 metro son 10 decímetros), “**hecto**” significa que son $10 \times 10 = 100$ veces máis (1 hectómetro son 100 metros) e “**centi**” significa que son $10 \times 10 = 100$ veces menos (1 metro son 100 centímetros).

4. Que significado ten o prefixo “**quilo**”?

5. Que significado ten o prefixo “**mili**”?

Eses mesmos prefixos empréganse nas escalas de unidades de volume, de superficie e de masa.

6. Lembre: Cal é a unidade do sistema internacional de medida para a masa?

7. Lembre: Cal é a unidade do sistema internacional de medida para a superficie?

8. Lembre: Cal é a unidade do sistema internacional de medida para o volume?

Outra unidade moi empregada para medir o volume é
o litro

Observe como construímos a escala de unidade de volume a partir do litro.

Por encima temos os prefixos **quilo-**, **hecto-** e **deca-**. Daquela, por encima do litro estarán o quilolitro, o hectolitro e o decalitro.

Por debaixo temos os prefixos **deci-**, **centi-** e **mili-**. Entón, por debaixo do litro estarán o decilitro, o centílitro e o mililitro.

Así, a escala quédanos da seguinte maneira:

Quilolitro – hectolitro – decalitro – LITRO – decilitro –
centilitro – mililitro

9. Complete as seguintes escalas:

▪ Superficie:

Quilómetro cadrado - _____ - decámetro cadrado -
_____ - decímetro cadrado - _____ -
milímetro cadrado.

▪ Volume:

_____ - hectómetro cúbico - _____
- metro cúbico - _____ - centímetro cúbico -
_____.

- Masa:

Quilogramo - _____ - _____ -
 gramo - _____ - _____ -
 _____.

Os prefixos empréganse abreviados. As abreviaturas son:

QUILO → K

DECI → d

HECTO → h

CENTI → c

DECA → da

MILI → m

10. Escriba as unidades abreviadas como no exemplo:

- Masa. Abreviatura de gramo: *g*.

Kg – hg – dag – g – dg – cg – mg

- Lonxitude. Abreviatura de metro: *m*.

- Superficie. Abreviatura de metro cadrado: *m²*.

- Volume. Abreviatura de metro cúbico: *m³*. Abreviatura de litro: *ℓ*.

SEMANA 3: A COSTA GALEGA. A PESCA E O TURISMO


A COSTA GALEGA. AS RÍAS

A costa galega é a máis recortada da Península Ibérica. Está bañada polo mar Cantábrico e polo océano Atlántico e nela atopamos acantilados, areais e rías. Estas últimas forman a súa paisaxe máis característica.

Unha ría é unha porción de mar con forma estreita e alongada que entra na terra. Ao entrar profundamente o mar na terra, fórmanse lugares protexidos e dunha grande riqueza mariña.




Costa cantábrica (Barreiros, Lugo).



Cabo Touriñán (A Coruña).

Divídense en Rías Altas e Rías Baixas. As Rías Altas inclúen as rías de Ribadeo, Foz, Viveiro, Ortigueira, Ferrol, Betanzos, A Coruña e Camariñas. As Rías Baixas, que son as de maior tamaño, inclúen as rías de Muros, Noia, Arousa, Pontevedra e Vigo. Outra característica das Rías Baixas son as illas que se achan á súa entrada: as Cíes, Ons, A Toxa, Sálvora e Arousa.



Ría de Vigo (Pontevedra).

Os acantilados son terreos altos e rochosos, que por veces caen en vertical sobre o mar.

Destacan os de San Andrés de Teixido.

Ao longo de toda a costa existen numerosos areais. Dous bos exemplos son as dunas de Corrubedo e a magnífica praia de A

Lanzada, nas Rías Baixas, e as praias de Carnota e Baldaio, máis ao norte.

FALAMOS

Que quere dicir que a costa galega sexa a máis recortada da Península?

Que é unha ría?

Sabería dicir cales son os límites das Rías Baixas? E os das Rías Altas?

A que provincias pertencen as Rías Altas?

Que outros areais podería nomear?

LEMOS E ESCRIBIMOS

1. Ordene alfabeticamente as rías que se mencionan no texto.

_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

2. Agora agrupe as rías por provincias.

A CORUÑA	LUGO	PONTEVEDRA
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____


3. Adiviña:

Que é pequeno en Pontevedra e grande en Vigo?

Solución: _____

ORTOGRAFÍA: AS ABREVIATURAS

As palabras que escribimos de forma abreviada, é dicir, só con unha ou varias das súas letras, chámanse **abreviaturas**.



1. Escriba no seu caderno a palabra completa ao lado das abreviaturas que aparecen no sobre.
2. Copie as seguintes oracións, cambiando as abreviaturas polas palabras completas.

Atopei unha flor seca na páx. corenta.

O Dr. Couso receitoume estas pastillas.

Iso depende do que Vdes. decidan facer.

3. Relacione cada abreviatura co seu significado.

r/	sen número
Cía.	ilustrísimo
s/n	rúa
Vde.	código postal
CP	compañía
Ilmo.	vostede

A PESCA EN GALICIA

A pesca foi tradicionalmente, e segue a ser na actualidade, unha actividade de grande importancia económica en Galicia. De feito, Galicia é a primeira zona pesqueira de España. Isto é debido a que ten unhas magníficas condicións naturais pola súa situación no Atlántico, que permite ir pescar a mares afastados, e polas súas rías, que son lugares excepcionais onde se crían variadas especies de peixes e mariscos.

Na actualidade hai máis de 5.000 barcos galegos que se dedican á pesca, e arredor de 50.000 persoas que traballan nas actividades relacionadas co sector.



Ao longo do litoral galego existen numerosos portos desde os que parten diariamente barcos que se dedican á **pesca de baixura** ou artesanal, que están especializados na pesca dunha determinada variedade de peixe e

que se realiza preto da costa; e barcos que se internan mar a dentro e se dedican á **pesca de altura**.

Os portos da Coruña e Vigo son, desde o punto de vista da pesca, os máis importantes de Galicia e tamén de España. Outros portos que destacan pola cantidade de peixe desembarcado son os de Santa Uxía de Ribeira, Burela, Bueu, Viveiro, Vilagarcía de Arousa, Marín, Cambados, Noia, Cangas e O Grove.

FALAMOS

De que tipo de pesca fala o texto: fluvial ou marítima?

En que se diferencian a pesca de baixura e a de altura?

Cre que se utilizan os mesmos métodos para un tipo de pesca que para o outro?

Péscanse as mesmas especies nun tipo de pesca e no outro?

LEMOS E ESCRIBIMOS

1. Escolla, en cada caso, a resposta correcta.

A pesca de altura

- Realízase a grande altura.
- Realízase lonxe da costa.
- Realízase a grande profundidade.

A pesca de baixura

- Realízase na superficie.
- Realízase preto da costa.
- Realízase a grande profundidade.

2. Procure no texto un sinónimo de:

costa

.....

especie

.....

Lembre!
Un sinónimo é
outra palabra de
igual significado

USO DO DICCIONARIO OU DA ENCICLOPEDIA

O alfabeto é o conxunto ordenado das letras dunha lingua. O alfabeto galego está formado por vinte e tres letras, ordenadas do **a** ao **z**.

LEMBRE

Para ordenar as palabras alfabeticamente, fixámonos na súa primeira letra; se esta coincide en varias palabras, ordenámolas fixándonos na segunda letra, e se tamén coincide, na terceira... e así ata a derradeira.

Por exemplo:

Actualidade, altura, artesanal, Atlántico, baixura, barcos, dedican, desembarcado, especializándose, litoral, longo, magníficas, mar, mariscos, peixes, permite, pesca, pescada, variedade, zona.

Para buscar unha palabra no dicionario teña en conta:

Se a palabra:


Está en feminino (por exemplo, *nena*) ⇒ A mesma palabra en masculino (*nenos*).

Está en plural (por exemplo, *peixes*) ⇒ Esa palabra en singular (*peixe*).

Se é unha forma verbal (por exemplo, *mercou*) ⇒ O verbo en infinitivo (*mercar*)

A PESCA E O MARISQUEO NO LITORAL GALEGO

En Galicia, os mellores caladoiros para a pesca de baixura están situados non máis alá de quince millas a partir da costa. O peixe de baixura véndese diariamente na lonxa e é o que se coñece popularmente como *peixe do día*.



As especies máis abundantes son a sardiña, o xurelo, a pescada, o rodaballo e o bonito. Os caladoiros máis ricos están fronte ás costas de Ortigueira e Cedeira, na Costa da Morte, ao oeste do litoral, entre Cee e Muros, e arredor das Illas Cíes, fronte ás Rías Baixas.

As principais artes de pesca utilizadas no litoral son o cerco, os palangres, a volanta e diferentes tipos de arrastre.

As rías galegas son moi ricas tamén en marisco. Nas épocas en que se pode mariscar, que varían segundo as especies, hai moitas persoas que se dedican a este tipo de extracción. O marisqueo é en moitos pequenos lugares

costeiros, polo xeral, unha axuda complementaria para a economía familiar. A maior parte dos que se dedican a esta actividade non a teñen como única ocupación. As especies máis abundantes no litoral galego son as ameixas, os mexillóns, os berberechos, as centolas, as nécoras, os percebes e os lagostinos.

Nos últimos anos adquiriron grande importancia as **granxas mariñas**, ou piscifactorías, dedicadas á cría de linguado, rodaballo, dourada e robaliza. Nas **cetarias** cultívanse nécoras e centolas; os mexillóns críanse en **bateas**, e as ameixas, en **viveiros**.

FALAMOS

Que é un caladoiro?

A canto equivale unha milla mariña?

Coñece outro tipo de arte de pesca?

Que aparellos son os máis utilizados na zona onde vive?

Que opina das granxas mariñas?

Como influíu a súa existencia nos nosos hábitos alimentarios?

LEMOS E ESCRIBIMOS

“A produción española de peixe de acuicultura creceu un 8% en 2004”

La Voz de Galicia, 10 de xuño 2005.

1. Escriba unha pequena definición da palabra **acuicultura**. Se ten dificultade para facelo, recorra a un dicionario.

NON VEXO VIGO NIN CANGAS

Lea este poema de Bernardino Graña:

Mariñeiros de Viveiro,
Fisterra, Caión, Malpica,
Pontevedra, Arousa, Vigo,
A Coruña, Noia, Muxía,
pescadores e peixeiras,
mariscadoras das rías,
de quen son os areeiros
e os cons e faros e illas?
De quen son brisas e gaivotas,
a espuma que vos salpica,
as ondas fortes trullando
e acobexando as sardiñas?
De quen o verdello e a area,
os laños, as ardentías,
e as nécoras e centolas
e rodaballos e minchas,
senón do que no seu rostro
xente do mar xerfa e tinta,
quen fere as mans nos mariscos
en remos, sales, espiñas,
pugas, maromas ou lemes,
quen se molla na auga fría
coida nasas, barcos, pesca
con redes, con liña ou fisga
e pasa noites ó axexo,
con calma ou con maruxía,
quen mira a morte ben preto
nas galernas da invernía?
Dicídeme de quen son
praia, areas, augas, ría....

Naceu en Cangas do Morrazo en 1932. Foi profesor de lingua e literatura, ata a súa xubilación en 1991. Desde mozo escribiu en revistas poéticas e como articulista en numerosas publicacións. Foi o impulsor e presidente da Asociación de Escritores de Lingua Galega. É autor dunha ampla obra. Da súa produción poética destaca *Poema do home que quixo vivir* (1958), *Profecía do mar* (1966), *Se o noso amor e os peixes...* (1980), *Non vexo Vigo nin Cangas* e numerosos títulos máis.

1. Que vilas da costa cita o poeta?

2. No poema cítanse palabras relacionadas cos peixes e mariscos, coas artes de pesca, coas profesións do mar, etc. Complete estas listas que ten empezadas aquí.

Peixes e mariscos

Artes de pesca

Profesións

Nécoras

Nasas

Mariñeiros

REFLEXIÓN: “A pesca realizada sen control, esgota e pode facer desaparecer os bancos pesqueiros”.

1. Que definición é aquí a máis apropiada para a palabra *banco*?

A. Asento para varias persoas.

B. Establecemento financeiro e de crédito, con ánimo de lucro.

C. Lugar do mar onde se crían e concentran peixes.

2. Que quere dicir o dito popular *Pan para hoxe, fame para mañá*?

3. Busque no dicionario e escriba no seu caderno o significado que teñen estas palabras relacionadas co mar.

Abrigo, veda, caladoiro, artes, aparellos, extracción, lonxa.

REFLEXIÓN: “A contaminación mariña provocada por vertidos de petróleo, pola limpeza das sentinas dos barcos e por accidentes marítimos, como a caída de cru dos buques Urquiola, Mar Exeo e *Prestige*, ***está a minar*** a riqueza natural da nosa costa”.

4. Escriba dous sinónimos do verbo:

minar

5. Escriba dous sinónimos do substantivo:

mariñeiro:

O TURISMO

O turismo é unha actividade en continuo crecemento en Galicia, sobre todo debido aos nosos monumentos, á rica gastronomía, á beleza das paisaxes e á riqueza do folclore. É unha importante fonte de ingresos para a nosa comunidade e contribúe á creación de postos de traballo, sobre todo na hostalaría e na construción.



As rías galegas e os produtos que se extraen delas, os peixes, mariscos e demais pratos típicos atraen cada ano milleiros de persoas que procuran o pracer de saborear produtos frescos, naturais e de grande calidade. Galicia ofrécelle ao viaxeiro moitos alicientes: a tranquilidade das vilas mariñeiras na costa, a marabillosa paisaxe do interior, a amabilidade da poboación e o seu clima temperado e agradable.

Moitos turistas españois e estranxeiros visitan a nosa comunidade para coñecer edificios históricos, como a catedral de Santiago, a Torre de Hércules ou as murallas de Lugo; tamén para pasar as vacacións de verán, sobre todo nas Rías Baixas, ou para gozar da natureza nas casas de turismo rural. Os meses de maior afluencia son xullo, agosto e setembro.

Pero, por veces, o turismo incontrolado destrúe espazos naturais moi valiosos e especiais, e contamina lugares como praias, montañas, etc.

FALAMOS

O turismo é unha importante fonte de ingresos para Galicia.
En que medida?

Como podemos os galegos suplir a falla de sol e de tempo
sen chuvia para lle anunciar a nosa comunidade ao turista
foráneo?

Cre que o turismo rural pode competir co turismo de costa?

Estamos en Galicia á altura doutras comunidades cunha
longa traxectoria turística?

Que pensa da nova alternativa turística baseada no beneficio
das augas termais en balnearios, e que se está a promover
actualmente?

Sabería dicir que organismo da comunidade galega se dedica a
dar a coñecer o sector turístico de Galicia?

- FEDER.
- FITUR.
- PAZOS DE GALICIA.
- TURGALICIA.

OS SUFIXOS: -iño, -ante, -ón, -azo

As partículas que se engaden **ao final** das palabras para formar outras novas chámanse **sufixos**.

Os sufixos **–on** e **–azo** adoitan indicar maior tamaño. Con eles fórmanse os aumentativos das palabras; por exemplo:

caixa / caixón; barca / barcaza

O sufixo **–aría** indica habitualmente o lugar onde se fai ou vende algo:

Camisa / camisaría; cervexa / cervexaría; libro / librería

1. Escriba o nome dos lugares onde se fabrican ou venden estes produtos:

Moble:

Perfume:

Zapato:

Papel:

O sufixo **–iño/-iña** adoita indicar menor tamaño. Forman diminutivos; por exemplo:

coello/coelliño; peixe/peixiño

Os sufixos **–ante**, **–ente** e **–inte** indican habitualmente a persoa que realiza unha acción; por exemplo:

*comerciar/comerciante; estudar/estudiante; crer/crente;
seguir/seguinte.*

2. Escriba as accións que realizan estas persoas:

cantante

viaxante

camiñante

votante navegante debuxante

3. Escriba como se chaman as persoas que realizan estas accións:

gobernar estudar vixiar pasear

Pero nalgunhas palabras a terminación –**ante** non é un sufixo. Por exemplo: *turbante*.

XOGAMOS COAS PALABRAS: OS PALÍNDROMOS

Os números 11, 414 e 2.112 teñen algo en común: son todos capicúa. Sabe explicar que significa **capicúa**?

.....

Sabe o que é un **palíndromo**?

Un palíndromo é unha palabra ou frase que se le igual da esquerda á dereita que da dereita á esquerda. Ocorrelle o mesmo que aos números capicúa.

Por exemplo, son palíndromos palabras como:

oso

ama

Ana

ovo

sometemos

E frases como:

Amor a Roma

A breve verba

A súa pausa

O lobo ama o bolo

Inténteo vostede agora.

1. Busque palabras que se lean igual da esquerda á dereita que da dereita á esquerda:

.....
.....

2. Das seguintes frases, subliñe as que son palíndromos:

Luz azulada

Ame o poema

A ruta natural

A droga da gorda

Ame estes poemas

3. Escriba a carón da palabra *luz* o nome dunha cor e completará un palíndromo:

Luz

4. Que ten que facer Irene para que a frase sexa un palíndromo?

Irene

5. Como ten que ser o ovo para que esta frase sexa un palíndromo, novo ou vello?

Ovo

6. Complete esta frase cun nome de muller para que sexa un palíndromo. Como este tipo de frases empezan igual que acaban, o truco consiste en ver como empeza e tratar de completala axeitadamente.

A tira da


7. Inténteo vostede agora. Escriba un palíndromo, aínda que sexa curtiño.

LEMOX IMAXES: SÍMBOLOS DE ORGANISMOS INTERNACIONAIS

Moitas das cousas que afectan á agricultura e á pesca de Galicia, como xa vimos nesta unidade, dependen das decisións que toman organismos internacionais aos que España pertence. O máis importante é a Unión Europea, que decide canto leite pode producir Galicia, que especies se poden capturar no mar, cantos barcos teñen licenza para pescar, etc. Outros organismos internacionais, como as Nacións Unidas (ONU), tamén inflúen nas nosas vidas coas súas decisións.

Imos ver as bandeiras e os símbolos dalgúns destes organismos internacionais:


UNIÓN EUROPEA



Esta é a bandeira da Unión Europea, á que pertence España. Está formada por doce estrelas douradas en círculo, sobre un fondo de ceo azul. Representan a unión dos pobos de Europa. O número de estrelas é fixo: doce, un número que é símbolo da perfección e da unidade. As estrelas están colocadas na posición das doce horas do reloxo.

Estamos afeitos a ver esta bandeira ou o símbolo das doce estrelas en todas as accións, os programas, etc., que financia a Unión. Por exemplo, nos carteis que anuncian moitas obras públicas nas nosas estradas e cidades.

ONU (ORGANIZACIÓN DAS NACIÓNS UNIDAS)



As Nacións Unidas son un organismo internacional creado despois da Segunda Guerra Mundial para favorecer a paz e a colaboración entre as nacións do mundo. O seu símbolo é a silueta dos cinco continentes vistos desde o Polo Norte, rodeados por dous ramos de oliveira, que simbolizan a paz. A súa sede está en Nova York.

As Nacións Unidas (ONU) teñen unha serie de organismos que se ocupan de diversos aspectos:

OIT: ORGANIZACIÓN INTERNACIONAL DO TRABALLO



Neste caso, o símbolo ten unha roda dentada, como dunha máquina.

UNESCO: ORGANIZACIÓN DAS NACIÓNS UNIDAS PARA A CIENCIA, A EDUCACIÓN E A CULTURA



As siglas da UNESCO están dentro da silueta dun templo grego, que simbolizan a sabedoría clásica.

UNICEF: ORGANIZACIÓN DAS NACIÓNS UNIDAS PARA O CUIDADO DA INFANCIA



O símbolo inclúe a silueta dunha muller co seu fillo, dentro do globo da Terra.

FAO: ORGANIZACIÓN PARA A ALIMENTACIÓN E A AGRICULTURA



As letras FAO refírense ás palabras inglesas para alimento (*Food*), agricultura (*Agriculture*) e organización (*Organization*). O lema que aparece no segundo dos símbolos está constituído por dúas palabras en latín (*FIAT PANIS*), que significan algo así como “haxa pan”.

En moitos destes escudos e símbolos aparecen elementos que se repiten a miúdo. Por exemplo, a oliveira como símbolo da paz. Na Biblia, libro sagrado dos xudeus e dos cristiáns, cando acaba o diluvio universal, unha pomba entrégalle a Noé unha ramiña de oliveira, considerada como símbolo da paz. O gran poeta Virxilio tamén utilizou esta planta como símbolo da paz e do progreso.


O loureiro, que tamén achamos en moitos escudos e símbolos, considérase símbolo da vitoria.



TRABALLAMOS COS NÚMEROS

1 Escriba as escalas das unidades de masa (en gramos), lonxitude (en metros) e volume (en litros).

As escalas de lonxitude en metros, de masa en gramos e de volume en litros saltan de 10 en 10 unidades.



Isto significa que 1 Kl son 10 hl, ou que 1 g son 10 dg, ou que 1 cm son 10 mm. É dicir, cada salto son 10 unidades.

Se saltamos dúas veces, de dl a ml, ou de kg a dag, ou de m a cm, por exemplo, o salto son 10×10 unidades = 100 unidades.

2. Cantas unidades supoñen tres saltos? E catro saltos?

3. Cantos saltos hai de dal a cl?

E de hg a mg?

E de km a cm?

4. Transforme en ml. Faga como no exemplo.

4 l $\rightarrow$ 3 saltos ($10 \times 10 \times 10 = 1.000$) $\rightarrow 4 \times 1.000 = 4.000$ ml

7 hl $\rightarrow$ ____ saltos ($10 \times 10 \times 10 \times 10 = 10.000$) $\rightarrow 7 \times$ ____ = ____

2 dl $\rightarrow$ ____ saltos (____) $\rightarrow 2 \times$ ____ = ____

6 kl $\rightarrow$ ____ saltos (____) $\rightarrow 6 \times$ ____ = ____

5. Transforme en mg.

9 kg $\rightarrow$ saltos () $\rightarrow$ $\times$ = mg

3 cg $\rightarrow$ saltos () $\rightarrow$ $\times$ = mg

8 dag $\rightarrow$ ___ saltos (_____) $\rightarrow$ ___ $\times$ _____ = ___ mg

5 g $\rightarrow$ ____ saltos (____) $\rightarrow$ ____ $\times$ ____ = ____ mg

6. Transforme en mm.

1 hm $\rightarrow$ saltos () $\rightarrow$ $\times$ = mm

9 dm $\rightarrow$ saltos () $\rightarrow$ $\times$ = mm

12 m $\rightarrow$ saltos () $\rightarrow$ $\times$ = mm

51 km $\rightarrow$ saltos () $\rightarrow$ $\times$ = mm

7. Ordene de maior a menor: 320 l, 45 hl, 20 kl e 600.000 ml.

FÍXESE. Para resolver o exercicio anterior debe saber que:

Cando se queren comparar cantidades, estas deben vir expresadas nas mesmas unidades.

Xa que logo, no exercicio seguiranse os seguintes pasos:

1º Converter todas as cantidades na máis pequena. No caso do problema 7 son os ml.

$$320 \text{ l} = 320 \times 1.000 = 320.000 \text{ ml}$$

$$45 \text{ hl} = 45 \times 100.000 = 4.500.000 \text{ ml}$$

$$2 \text{ kl} = 2 \times 1.000.000 = 2.000.000 \text{ ml}$$

$$600.000 \text{ ml}$$

2º Comparar as cantidades e ordenalas de maior a menor. No noso caso:


$$45 \text{ hl} > 2 \text{ kl} > 600.000 \text{ ml} > 320 \text{ l}$$

Agora fágao vostede.

i. 7.400 cg, 8 kg, 950 g e 520 dg.

ii. 9 km, 470 dam, 7.300 m e 102 hm.

As escalas de unidades que expresan a superficie en metros cadrados saltan de 100 en 100 unidades.



Isto significa que 1 Km^2 son 100 hm^2 , ou que 1 m^2 son 100 dm^2 . É dicir, cada salto son 100 unidades.

Se saltamos dúas veces, de dm^2 a mm^2 , ou de km^2 a dam^2 , por exemplo, cada salto son 100×100 unidades = 10.000 unidades.

8. Transforme en mm^2 .

$$17 \text{ m}^2 \rightarrow 3 \text{ saltos } (100 \times 100 \times 100) \rightarrow 17 \times 1.000.000 = 17.000.000$$


$$5 \text{ cm}^2 \rightarrow \underline{\hspace{1cm}} \text{ saltos } (\underline{\hspace{2cm}}) \rightarrow \underline{\hspace{1cm}} \times \underline{\hspace{2cm}} = \underline{\hspace{2cm}}$$

$$9 \text{ hm}^2 \rightarrow \underline{\hspace{1cm}} \text{ saltos } (\underline{\hspace{2cm}}) \rightarrow \underline{\hspace{1cm}} \times \underline{\hspace{2cm}} = \underline{\hspace{2cm}}$$

9. Ordene de menor a maior:

9 km^2 , 625.000.000 dm^2 , 45.000 dam^2 e 5.175.000 m^2 .

As escalas de unidades que expresan o volume en metros cúbicos saltan de 1.000 en 1.000 unidades.



Isto significa que 1 m³ son 1.000 dm³, ou que 1 cm³ son 1.000 mm³. É dicir, cada salto son 1000 unidades.

Se saltamos dúas veces, de km³ a dam³ ou de m³ a cm³, por exemplo, o salto son 1.000 × 1.000 unidades = 1.000.000 unidades.

10. Transforme en mm³.

$$6 \text{ m}^3 \rightarrow 3 \text{ saltos } (1.000 \times 1.000 \times 1.000) \rightarrow \\ \rightarrow 6 \times 1.000.000.000 = 6.000.000.000$$

$$7 \text{ km}^3 \rightarrow \underline{\hspace{1cm}} \text{ saltos } (\underline{\hspace{4cm}}) \rightarrow \\ \rightarrow \underline{\hspace{1cm}} \times \underline{\hspace{4cm}} = \underline{\hspace{4cm}}$$

$$8 \text{ dm}^3 \rightarrow \underline{\hspace{1cm}} \text{ saltos } (\underline{\hspace{4cm}}) \rightarrow \\ \rightarrow \underline{\hspace{1cm}} \times \underline{\hspace{4cm}} = \underline{\hspace{4cm}}$$

11. Ordene de menor a maior:

9.200 dam³, 630.000.000.000 mm³, 780.000 dm³ e 14 hm³.


Existe unha equivalencia entre as dúas escalas que miden o volume: litros e metros cúbicos.

1 litro é o mesmo volume que **1 decímetro cúbico**.

FÍXESE: cada salto na escala de litros supón 10 unidades, e cada salto na escala de metros cúbicos supón 1.000 unidades.

$$\begin{array}{ccc} 1.000 & = & 10 \times 10 \times 10 \\ \underbrace{\hspace{1cm}} & & \underbrace{\hspace{1cm}} \\ 1 \text{ salto} & = & 3 \text{ saltos} \end{array}$$

Xa que logo, un salto na escala de litros equivale a tres saltos na escala de metros cúbicos:



1 quilolitro é o mesmo volume que **1 metro cúbico**

1 mililitro é o mesmo volume que **1 centímetro cúbico**

12. Cantos litros son 2 m^3 ?

13. Cantos cm^3 son 6 dal?

14. Unha botella de auga ten dous litros. Se unha persoa bebe un vaso (250 ml), que volume de auga queda na botella? Exprese o resultado en ml e en cm^3 .



15. Unha lata de refresco ten 33 cm^3 . Que volume de refresco hai nun paquete de seis latas? Expréseo de dúas formas distintas.

REVISIÓN

A PAISAXE DE GALICIA. A AGRICULTURA

LEMBRE

Galicia presenta tres zonas xeográficas ben diferenciadas: o interior, a montaña e a costa.

O interior está formado por mesetas e vales.

As serras pertencen ao Macizo Galaico.

A costa, ao norte e ao oeste, está formada polas rías, illas e cabos.

A zona costeira é a máis poboada e industrializada.

Nas zonas central e oriental a gandería e a agricultura son as actividades máis importantes.

A agricultura é unha actividade de grande importancia económica para Galicia.

A agricultura vese moi favorecida pola fertilidade do solo, pola temperatura e pola abundancia de auga.

Os principais produtos son os cultivos de forraxe, o millo, a pataca, os cultivos de horta e a vide.

Nos últimos anos estendeuse o cultivo en invernadoiros.

1. Clasifique estas tarefas en:

Agrícolas

Gandeiras

tosquiar – sementar – muxir – segar – fertilizar – rapar –
regar

2. Que significa a expresión *ir ao gran*?

- Empezar a cultivar un campo.
- Centrarse no esencial dun asunto.
- Acudir en axuda de alguén.

1. Copie e complete.

acio – mangado – restra – ramo

Un de loureiro.

Unha de allos.

Un de uvas.

Un de espárragos.

Lea a tradución destas *greguerías* de Ramón Gómez de la Serna.

“A tixola é o espello dos ovos fritos”

“As castañas teñen chaquetóns de coiro forrados de pel”

2. Complete estas frases ao estilo das *greguerías*.

As berenxenas son _____

A mazaroca de millo ten _____

A GANDARÍA

LEMBRE

A maior parte dos ingresos obtidos polos campesiños galegos proveñen da gandaría.

Galicia conta con abundancia de prados naturais que favorecen esta actividade.

Tradicionalmente, o gando cumpriu en Galicia unha tripla función: proporcionar carne, leite e forza de traballo.

No medio rural galego aínda abundan explotacións tradicionais vinculadas ás actividades gandeiras.

A carne de bovino ten unha grande importancia no sector gandeiro actual.

A carne galega de vacún goza de gran prestixio en toda España.

O sector leiteiro perdeu importancia debido á redución de produción imposta desde os organismos da UE.

Nos últimos anos houbo unha grande expansión de granxas dedicadas á cría de gando porcino e avícola.

1. Escriba en cada caso o artigo correspondente.

... *tenreiros* ... *galiñas* ... *granxa*


2. ***Hai moitos tipos de*** cereais: trigo, cebada, centeo, millo, etc.
A maioría cultívase para alimento das persoas ou do gando,
e coas súas sementes faise fariña.

A expresión ***Hai moitos tipos de...*** serve para ordenar por clases ou grupos, é dicir, serve para clasificar.

Complete esta frase:

Hai moitos tipos de gando: _____

3. Observe este esquema sobre como se aproveita o porco.



Escriba un texto coa información recollida no esquema anterior.

O porco é un animal que se aproveita para moitas cousas:

A PESCA

LEMBRE

A costa galega é a máis recortada da Península Ibérica.

A paisaxe máis característica da costa galega son as súas rías.

As rías galegas son lugares naturais dunha gran riqueza mariña.

Galicia é a principal área pesqueira de España grazas á súa extensa costa, aos seus bos portos naturais e á riqueza das súas augas.

A pesca é fundamental para a economía galega.

Existen dous tipos de actividade pesqueira: a pesca de baixura, ou artesanal, e a pesca de altura.

Os portos da Coruña e Vigo son os portos pesqueiros máis importantes de España.

As especies máis abundantes no litoral galego son a sardiña, o xurelo, a pescada, o rodaballo e o bonito.

As principais artes de pesca utilizadas son o cerco, os palangres, a volanta e o arrastre.

1. Lea atentamente os significados do verbo pescar:

Pescar. *verbo.* **1.** Sacar peixes e outros animais que viven na auga. **2.** Sacar algo de calquera líquido. **3. fig.** Sorprender a alguén nalgunha acción, polo xeral considerada como mala. **4.** Alcanzar a alguén que se persegue. **5.** Comezar a experimentar ou sufrir os efectos de algo.

2. Escriba o número que corresponde ao significado de **pescar** en cada frase.

- O policía pescou o ladrón cando ía subir ao tren.
- Nese río péscanse moitos cangrexos.
- Non camiñes descalzo ou pescarás unha pulmonía.
- Luísa pescou o seu fillo pequeno fumando.

3. Forme e escriba palabras derivadas a partir destes verbos.

-dor	-dora
▪ pescar ▪ cazar ▪ correr ▪ mergullar ▪ nadar ▪ explorar	▪ mariscar ▪ colaborar ▪ fundar ▪ xogar ▪ esgotar ▪ comer

1. Escriba unha frase con cada unha destas palabras.

Algas: _____

Compás: _____

Marítimo: _____

Navegante: _____

Ondada: _____

Ría: _____

2. Agrupe no seu caderno estas palabras por familias:

MAR

BARCO

mariñeiro, barco, embarcar, barqueiro, marea, barcaza, mareiro, embarcación, mariño, barcaxe, barcada.

3. Relacione as definicións coa palabra ou expresión correspondente:

Facerse ao mar

chegar a porto

Izar a áncora

en abundancia

A toda vela

saír do porto

Travesía

viaxe

Andar ao mar

ocuparse en pescar

A mares

a toda velocidade

Arribar

levantar a áncora para saír

4. Que significa a expresión *picar no anzol*?

- Caer na trampa.
- Cravar o anzol.
- Enfadarse.

5. Una cada palabra co seu significado

proa / popa

parte dianteira / traseira dunha embarcación

TRABALLAMOS COS NÚMEROS: REVISIÓN

1. Complete:

Para multiplicar calquera número pola unidade seguida de ceros, engádenselle ao _____ tantos _____ como seguen á _____.

2. Escriba o factor que falta:

$$42 \times \underline{\hspace{2cm}} = 420$$

$$75 \times \underline{\hspace{2cm}} = 750$$

$$\underline{\hspace{2cm}} \times 100 = 300$$

$$34 \times \underline{\hspace{2cm}} = 3.400$$

$$10 \times \underline{\hspace{2cm}} = 640$$

$$\underline{\hspace{2cm}} \times 10 = 270$$

$$100 \times \underline{\hspace{2cm}} = 81.500$$

$$91 \times \underline{\hspace{2cm}} = 9.100$$

3. Nunha restra de cebolas hai 10 cebolas. Cantas cebolas hai en 15 restras?

5. Complete a táboa:

×	2		5	6	
40		120			
700					
9.000					72.000

6. Unha entrada dun concerto custa 30 euros. Ao concerto van oito amigos. Canto pagaron en total?

7. Realice as seguintes multiplicacións.

$$\begin{array}{r} 76 \\ \times 50 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 620 \\ \times 280 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 403 \\ \times 900 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 810 \\ \times 370 \\ \hline \end{array}$$

8. Lembre: cando aparecen unha suma e unha multiplicación xuntas, opérase da seguinte maneira:

$$(8 \times 5) + (8 \times 2) = 8 \times (5 + 2) = 8 \times 7 = 56$$

Complete:

$$(3 \times \underline{\quad}) + (3 \times \underline{\quad}) = \underline{\quad} \times (6 + 8) = 3 \times \underline{\quad} = \underline{\quad}$$

$$(\underline{\quad} \times 14) + (\underline{\quad} \times 22) = 5 \times (\underline{\quad} + \underline{\quad}) = 5 \times 36 = \underline{\quad}$$

$$(\underline{\quad} \times 9) + (6 \times \underline{\quad}) = 6 \times (\underline{\quad} + 18) = \underline{\quad} \times 27 = \underline{\quad}$$

$$(20 \times \underline{\quad}) + (\underline{\quad} \times 7) = 20 \times (\underline{\quad} + \underline{\quad}) = 20 \times 15 = \underline{\quad}$$

9. Unha florista fai cada ramo de flores con sete margaridas, seis rosas e catro orquídeas. Se fai 30 ramos, cantas flores gasta en total?



Cada ramo custa 20 euros. Canto gaña en total?

10. Una con frechas as operacións que teñen o mesmo resultado:

$$7 \times 8$$

$$36 + 17 - 5$$

$$9 \times 2$$

$$6 + 24 - 12$$

$$6 \times 5$$

$$45 - 14 + 25$$

$$3 \times 4$$

$$28 - 19 + 3$$

$$8 \times 6$$

$$13 + 38 - 21$$

11. Complete as seguintes escalas:

▪ Superficie:

Quilómetro cadrado - _____ - decámetro cadrado
 - _____ - decímetro cadrado -
 _____ - milímetro cadrado.

▪ Masa:

Quilogramo - _____ - _____ -
 gramo - _____ - _____ -
 _____.

12. Escriba as escalas anteriores coas súas abreviaturas.

13. Que dúas escalas serven para medir o volume? Sinala canto vale un salto en cada unha das escalas anteriores.

14. Na escala da superficie, cantas unidades supoñen dous saltos? E cinco saltos?

15. Cantos saltos hai que dar de kg a cg?

E de hm a dm?

E de l a ml?

16. Transforme.

125 hg a mg ____ saltos (____) $\rightarrow$ ____ $\times$ ____ = ____ mg

80 km a mm ____ saltos (____) $\rightarrow$ ____ $\times$ ____ = ____ mm

4 dm³ a mm³ ____ saltos (____) $\rightarrow$
 $\rightarrow$ ____ $\times$ ____ = ____ mm³

17. Ordene de maior a menor.

6 m², 87.000 cm², 1.275.000 mm² e 325 dm².

18. Cantos cm^3 son 30 kl?
19. Nun centro de investigación hai tres depósitos preparados para recoller auga de chuvia. En cada un deles recóllense 230 l. Posteriormente evapóranse 300 l entre os tres depósitos. Que cantidade de auga quedará recollida nos depósitos? Exprese o resultado en ml e en cm^3 .